

# POR QUE ESTAMOS ACAMPADOS OS PARADOS DO NAVAL



Cando falamos desta crise e o desemprego que provoca, hai cousas que os traballadores non entendemos, pero **existen responsables** que non vemos e teñen a culpa de que moitos non teñamos traballo polo seu egoísmo e porque se aproveitan desta situación para facerse mais ricos.

Tamén existen Organismos que colaboran con eles como a Xunta e o Concello, porque lles permiten que se aproveiten desta situación e non fan cumprir as Leís.

Sabias que actualmente no Naval **hai mais de 700 parados galegos que traballaron todos estes anos no Sector**, pero agora están sendo substituídos por traballadores de Portugal, Romanía, Polonia, etc, porque estes empresarios que se fixeron ricos co noso traballo traen a estes traballadores pagándolles a metade? Un deles é o empresario de Emenasa, que é Presidente da Cámara de Comercio, outros da Dirección de Asime, que son os que mandan no Naval. Deberían ser os primeiros en cumprir a Lei, o Convenio Colectivo, porque o noso Convenio di que non se pode pagar menos, pero eles non o respetan. Por esta razón estive-mos en Folga nestes meses atrás para facer cumprir a Lei e defender o noso posto de traballo, pero os Sindicatos CCOO e UGT vendéronnos.

Estes empresarios, co favor da Xunta de Galiza, **están explotando aos traballadores de fora e deixándonos sen traballo aos de aquí. Son racistas.** Algo parecido pasa na construción con miles de traballadores de aquí parados, pero as obras, incluídas as públicas do Estado e do Concello fanse con moitos traballadores de fora, porque se aproveitan deles como man de obra barata, e nin a Xunta nin o Concello lles fan cumprir a Lei. Como ves, **nesta crise os ricos fanse mais ricos.**

Un grupo de traballadores do Naval **levamos acampados dende o 1 de marzo fronte ao edificio da Xunta** en Vigo, porque non queremos rendirnos, temos dereito ao traballo. Este Sector levantámolo nós co noso traballo. Facémolo para que se vexa o problema, para que sirva de denuncia, porque o que están facendo aquí irán facéndoo no resto dos traballos, e porque se non loitamos non solucionamos nada. Aquí ten cabida calquera traballador do Naval que se atope como nós, sen recursos para alimentar a súa familia. **E pedimos a vosa solidariedade.**